

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO**

ANUNCIO do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2022/2023 (1ª fase).

A Fundación Deporte Galego, tendo en conta que nos seus fins establece o fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia, pon en marcha a XIV edición do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2022/2023 (1ª fase).

A fundación remitiralle un correo electrónico á entidade obxecto de patrocinio e convidaraa para a presentación da solicitude de patrocinio que se xuntará ao texto do plan de patrocinio.

A entidade invitada para tomar parte no procedemento PR960A presentará a solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que se realizase a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), e habilitarase unha ligazón na guía de procedementos e servizos co código PR960A.

O prazo máximo para a presentación das solicitudes será de sete (7) días naturais, contados desde a propia data de recepción da invitación. A presentación das proposicións por unha vía diferente á sinalada será causa de rexeitamento ou exclusión.



As bases poderanse consultar na seguinte ligazón: <https://deporte.xunta.gal/gl/convocatorias/pr960a-plan-patrocinio-equipos-alta-competicion-tempada-20222023-1a-fase>

Teléfono 881 99 63 77.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

José Ramón Leta Lasa
Presidente da Fundación Deporte Galego

CVE-DOG: xsnfj878-89s8-peu1-la59-a7qfql0u4ny8

